

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

ACORDO do 4 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Mobilidade, polo que se establece a primeira expansión territorial do ámbito de aplicación da tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia.

A Orde do 18 de decembro de 2019 pola que se regula a tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, publicada no DOG núm. 248, do 31 de decembro, ampliou o ámbito de idade das persoas beneficiarias ata os 20 anos incluídos e, ademais, preveu a expansión territorial da tarifa Xente Nova dispoñendo que a dirección xeral competente en materia de transportes acordará, logo da tramitación contable oportuna, as datas das sucesivas ampliacións deste ámbito territorial ata abranguer a totalidade da comunidade autónoma, consonte o posibilite a dispoñibilidade de sistemas de cancelación a bordo dos medios de transporte.

Xa que logo, a expansión territorial da tarifa Xente Nova require dunha adaptación tecnolóxica por parte das empresas que prestan os servizos de transporte nas zonas correspondentes; a maiores, esta adaptación debe ser acompañada tamén doutras actuacións co fin de achegar ás persoas usuarias a rede de comercialización da tarxeta TMG Xente Nova, a través da que se xestiona a dita tarifa.

Consonte co indicado na citada Orde do 31 de decembro de 2019, a tarifa Xente Nova resulta inicialmente de aplicación no ámbito das denominadas áreas de transporte metropolitano de Galicia, constituídas polo conxunto de concellos situados nos contornos das cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo que decidiron incorporarse ao plan de transporte metropolitano impulsado pola Xunta de Galicia.

O 13 de marzo de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 50 o Acordo do 11 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Mobilidade, polo que se establece a primeira expansión territorial do ámbito de aplicación da tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia, que prevía a previsión de aplicación da tarifa Xente Nova a partir do 23 de marzo de 2020.

Con data do 14 de marzo de 2020 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que entrou en vigor no mesmo momento da súa publicación.



Como consecuencia da dita situación, foi necesario deixar sen efecto o Acordo do 11 de marzo de 2020 ao resultar pouco acorde coas restricións establecidas a implantación dunha medida de expansión territorial da tarifa Xente Nova no transporte público interurbano, cuxo obxectivo é precisamente o contrario, facilitar a mobilidade da xuventude.

Na actualidade, dada a situación da emerxencia sanitaria e das medidas de desescalada en que é posible unha maior mobilidade, tanto polos motivos que a xustifican como en relación co ámbito territorial permitido, e tendo en conta que o pagamento con tarxeta constitúe un medio de prevención de transmisión do COVID-19, máis seguro que o pagamento en efectivo, procede dar novamente efectos á expansión prevista e que tivo que ser suspendida por mor da crise sanitaria.

Tal como se sinalaba no Acordo do 11 de marzo de 2020 é preciso ter en conta que unha parte significativa das empresas que prestan servizos de transporte nos dous ámbitos territoriais equivalentes en que non se implantou o Plan de transporte metropolitano, Pontevedra e Ourense, adiantaron os traballos para a dispoñibilidade de máquinas canceladoras, e que nestes concellos xa resultará posible a comercialización da TMG Xente Nova, procede incorporalos a unha primeira expansión territorial da tarifa Xente Nova. Xunto cos ditos ámbitos territoriais, o feito de que os servizos de transporte público do conxunto da provincia de Ourense son explotados por contratos adjudicados no marco do Plan de transporte público de Galicia, defínese un ámbito que resulta igualmente viable integrar nesta primeira expansión territorial.

Finalmente, esta expansión efectúase sobre ámbitos territoriais en que xunto coas concesións de servizos de transporte público máis significativas en volume de tráfico atendidos que xa dispoñen de sistemas de cancelación, conviven outras concesionarias que aínda están en proceso de incorporación destes sistemas, consonte cos prazos fixados nos pregos de condicións, feito que se ten en conta no presente acordo co fin de atender á próxima integración destas concesionarias.

En virtude do exposto e de conformidade co establecido na Orde do 18 de decembro de 2019,

ACORDO:

Primeiro. Realizar, con efectos do 15 de xuño, unha primeira expansión do ámbito territorial de aplicación da tarifa Xente Nova, regulada pola Orde do 18 de decembro de 2019 pola que se regula a tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (DOG núm. 248, do 31 de decembro), aos servizos de transporte público interurbano da



titularidade da Xunta de Galicia que se desenvolvan na provincia de Ourense, así como aos que o fagan no conxunto de concellos do contorno de Pontevedra que figuran no anexo I deste acordo.

Segundo. A posibilidade efectiva de acceder á tarifa Xente Nova estará condicionada á efectiva dispoñibilidade de máquinas canceladoras habilitadas para o pagamento coa TMG e a TMG Xente Nova por parte do conxunto de vehículos adscritos a cada concesión de servizos de transporte público de viaxeiros por estrada de uso xeral.

Desde a data en que resultará efectiva a expansión consonte co indicado no punto anterior, esta dispoñibilidade abranguerá o conxunto de concesións que se incorporan como anexo II deste acordo, anexo que será publicado na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade e en bus.gal. As concesións de servizos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral que atenden tráfico nos ámbitos territoriais obxecto desta expansión e que non cumprían no momento inicial o requisito de dispoñibilidade de sistemas de cancelación, son as incorporadas no anexo III deste acordo; a través daquelas páxinas web informárase das datas en que estas concesións incorporen os sistemas de cancelación e, polo tanto, nas que xa será aplicable a tarifa Xente Nova nas ditas concesións.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2020

Ignacio Maestro Saavedra
Director xeral de Mobilidade

ANEXO I

Concellos da provincia de Pontevedra integrados nesta primeira expansión:

- A Lama.
- Barro.
- Bueu.
- Campo Lameiro.
- Cerdedo-Cotobade.
- Marín.
- Moraña.
- Poio.
- Ponte Caldelas.
- Pontevedra.
- Sanxenxo.
- Soutomaior.
- Vilaboa.





ANEXO II

Concesións de servizos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral nas que a tarifa Xente Nova resultará de aplicación desde a data de efectividade desta primeira expansión:

Ámbito territorial	Concesión	Denominación	Concesionario
Ourense	XG600	Comarca do Carballiño	Empresa Montañesa, S.L., Rivera Bus, S.L., Bernárdez e Cía, S.L. e Autocares Pérez, S.A.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG601	Comarca da Baixa Limia	Empresa Gavilanes, S.L., Rutas 82, S.L., Antonio Salgado Pérez-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG602	Leste da comarca de Allariz-Maceda	Sociedad de Transportes, S.L. e Barcala Sanz, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG603	Comarca de Terra de Celanova	Sociedad de Transportes, S.L., Autos González, S.L., Barcala Sanz, S.L., Auto Industrial, S.A., Empresa Villalón, S.A., Aguas de Incio, S.A. e Eleuterio López y Cía, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG604	Comarca do Ribeiro	Autos González, S.L., Palacios Bus, S.L., Autocares Rodríguez Carballiño, S.L., Traviacar, S.L., Auto Industrial, S.A., Empresa Villalón, S.A., Aguas de Incio, S.A. e Eleuterio López y Cía, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG605	Comarca de Ourense	Minhobus-Transportes do Minho, S.U.L., Empresa Gavilanes, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG610	Comarca de Viana	Sociedad de Transportes, S.L., Agrupación de Transporte de Viajeros, S.A., Autos Bibey, S.L. e Rafael Pérez Vázquez-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG611	Comarca da Limia	Sociedad de Transportes, S.L., Barcala Sanz, S.L. e Autocares Reza, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG612	Comarca de Valdeorras	Barcala Sanz, S.L., Autobuses Urbanos de Ponferrada, S.A. e Agrupación de Transporte de Viajeros, S.A.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG613	Comarcas de Terra de Caldelas e Terra de Trives	Barcala Sanz, S.L., Palacios Bus, S.L. e Autocares Castro Caldelas, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG614	Comarca de Verín	Sociedad de Transportes, S.L., Autocares Guerra, S.L., Auto Industrial, S.A.U., Empresa Villalón, S.A.U., Castromil, S.A.U., Eleuterio López y Compañía, S.L.U., La Hispano Igualadina, S.L. e Vigo-Barcelona, S.A.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG615	Oeste da comarca de Allariz-Maceda	Sociedad de Transportes, S.L. e Barcala Sanz, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.





Ámbito territorial	Concesión	Denominación	Concesionario
Ourense	XG622	Norte das comarcas da Paradanta e O Condado	Autos González, S.L., Empresa Viuda de J. Domínguez, S.L., Transportes La Unión, S.A., Autos Arcade, S.L., Gómez de Castro, S.A.U., Auto Industrial, S.A.U., Empresa Miño, S.L., Orense-Benavente, S.A. e La Hispano Igualadina, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG623	Lugo-Ourense-Vigo, con anexos	Auto Industrial, S.A.U., Empresa Villalón, S.A.U., Castromil, S.A.U., Eleuterio López y Compañía, S.L.U., Gómez de Castro, S.A.U., Vigo-Barcelona, S.A. e Aguas de Incio, S.A.U.-UTE, Lei 18/1982, do maio.
Ourense	XG644	O Barco de Valdeorras-Monforte de Lemos-Ourense, con anexos	Agrupación de Transporte de Viajeros, S.A., Palacios Bus, S.L., Luisa Rodríguez Núñez y Barcala Sanz, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG645	Castro Caldelas-Monforte de Lemos, con anexos	Palacios Bus, S.L., Autocares Castro Caldelas, S.L. e Barcala Sanz, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG666	Termos municipais da Cañiza e Arbo	Autos González, S.L., Autocares Meiriño, S.L., Empresa Viuda de J. Domínguez, S.L., Autos Arcade, S.L., Gómez de Castro, S.A.U., Auto Industrial S.A.U., Empresa Miño, S.L. e Orense Benavente, S.A.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG684	Beariz-O Irixo-O Carballiño, con anexos	Empresa Montañesa, S.L., Rivera Bus, S.L., Bernárdez y Cía, S.L., Autocares Rodríguez Carballiño, S.L. e Traviacar, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG685	Boborás-O Carballiño, con anexos	Empresa Montañesa, S.L., Rivera Bus, S.L. e Bernárdez y Cía, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG687	O Irixo-O Carballiño, con anexos	Empresa Montañesa, S.L., Rivera Bus, S.L., Bernárdez y Cía, S.L., Autocares Rodríguez Carballiño, S.L. e Traviacar, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG688	Termos municipais do Pereiro de Aguiar, Coles e Barbadás	Autos González S.L., Auto Industrial, S.A.U., Empresa Villalón, S.A.U., Aguas de Incio, S.A.U. e Eleuterio López y Compañía, S.L.U.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG689	A Peroxa-Coles-Ourense, con anexos	Autocares Alfer, S.A., Empresa Toén, S.L., Autos Gómez, S.L., Autocares Manolete, S.L., Autocares A. González, S.L., Autocares La Mezquita, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG690	San Cibrao das Viñas-Ourense, con anexos	Autocares Gonzalez, S.L.
Ourense	XG691	O Pereiro de Aguiar-Ourense, con anexos	Autos González, S.L., Auto Industrial, S.A.U., Empresa Villalón, S.A.U., Aguas de Incio, S.A.U. e Eleuterio López y Compañía, S.L.U.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG692	Nogueira de Ramuín-Ourense, con anexos	Autocares Pérez, S.A., Autos González, S.L., Auto Industrial, S.A.U., Empresa Villalón, S.A.U., Aguas de Incio, S.A.U., Eleuterio López y Compañía, S.L.U.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG701	Muíños-Bande, con anexos	Autocares E. Losada, S.L., Antonio Salgado Pérez-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.



Ámbito territorial	Concesión	Denominación	Concesionario
Ourense	XG703	Celanova-Cartelle, con anexos	Autocares E. Losada, S.L., Autocares Camilo Heredia, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG705	Leiro-Cenlle-Ribadavia, con anexos	Autos González, S.L., Palacios Bus, S.L., Autocares Rodríguez Carballiño, S.L., Traviacar, S.L., Auto Industrial, S.A., Empresa Villalón, S.A., Aguas de Incio, S.A. e Eleuterio López y Cía, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG706	Avión-Carballeda de Avia, con anexos	Autos González, S.L., Palacios Bus, S.L., Autocares Rodríguez Carballiño, S.L., Traviacar, S.L., Auto Industrial, S.A., Empresa Villalón, S.A., Aguas de Incio, S.A. e Eleuterio López y Cía, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG707	Toén-Barbadás-Ourense, con anexos	Autocares Alfer, S.A., Empresa Toén, S.L., Autos Gómez, S.L., Autocares Manolete, S.L., Autocares A. González, S.L., Autocares La Mezquita, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	XG708	Termo municipal do Barco de Valdeorras	Autobuses Urbanos de Ponferrada, S.A., Agrupación de Transportes de Viajeros, S.A e Barcala Sanz, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Ourense	V-7014	A Cañiza-Vigo, con anexos	Empresa Ojea, S.A.
Ourense	V-7068	A Coruña-Ferrol-Ortigueira-Viveiro-Vilalba-Lugo, con anexos	Arriva Noroeste, S.L.
Pontevedra	XG-517	A Coruña-Santiago de Compostela-Pontevedra-Vigo-Fisterra, con anexos	Auto Industrial, S.A., Castromil, S.A., La Hispano Igualadina, S.L., Empresa Monforte, S.A., Autobuses de Pontevedra, S.A., Transportes La Unión, S.A. e Vigo-Barcelona, S.A.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG-516	Lugo-Lalín-Pontevedra-Vigo, con anexos	Auto Industrial, S.A., Castromil, S.A., La Hispano Igualadina, S.L., Empresa Monforte, S.A., Autobuses de Pontevedra, S.A., Transportes La Unión, S.A. e Vigo-Barcelona, S.A.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG623	Lugo-Ourense-Vigo, con anexos	Auto Industrial, S.A.U., Empresa Villalón, S.A.U., Castromil, S.A.U., Eleuterio López y Compañía, S.L.U., Gómez de Castro, S.A.U., Vigo-Barcelona, S.A. e Aguas de Incio, S.A.U.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG624	Sur da comarca de Pontevedra, Norte da de Vigo e termo municipal de Tui	Autos González S.L., Empresa Viuda de J. Domínguez, S.L., Transportes La Unión, S.A., Autos Arcade, S.L., Castromil, S.A.U., Empresa Miño, S.L., Empresa Monforte, S.A.U., La Hispano Igualadina, S.L., Autobuses de Pontevedra, S.A. e Galega de Autocares Gala, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG625	Comarca do Morrazo	Eugenio Bermúdez e Hijos, S.L., Autobuses Cerqueiro, S.L., Empresa Viuda de J. Domínguez, S.L., Transportes La Unión, S.A., Autos Arcade, S.L., Castromil, S.A.U., Empresa Miño, S.L., Empresa Monforte, S.A.U., Autobuses de Pontevedra, S.A., Galega de Autocares Gala, S.L. e La Hispano Igualadina, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.





Ámbito territorial	Concesión	Denominación	Concesionario
Pontevedra	XG626	Sur da comarca do Salnés e termo municipal de Poio	José Acha García e Hijos, S.L., Transportes La Unión, S.A., Autos Arcade, S.L., Castromil, S.A.U., Empresa Monforte, S.A.U., La Hispano Igualadina, S.L., Autobuses de Pontevedra, S.A., Galega de Autocares Gala, S.L. e Vigo-Barcelona, S.A.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG627	Norte da comarca do Salnés e termo municipal de Catoira	José Acha García e Hijos, S.L., Empresa Pereira, S.L.U., Benito Abalo, S.L., Transportes José Núñez Barros, S.A.U., Exprés de Tabeirós, S.L.U., Transportes La Unión, S.A., Autos Arcade, S.L., Castromil, S.A.U., Empresa Monforte, S.A.U., La Hispano Igualadina, S.L., Autobuses de Pontevedra, S.A., Galega de Autocares Gala, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG628	Metropolitano de Pontevedra	Autocares Rías Baixas, S.L., Auto Industrial, S.A.U., Autobuses de Pontevedra, S.A., Autos Arcade, S.L., Castromil, S.A.U., Galega de Autocares Gala, S.L., Transportes La Unión, S.A.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG665	Termo municipal de Forcarei	Empresa Montañesa, S.L., Rivera Bus, S.L., Bernárdez y Cía, S.L., Autocares Rodríguez Carballiño, S.L. e Traviacar, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG672	Termos municipais de Moaña e Vilaboa	Eugenio Bermúdez e Hijos S.L., Empresa Viuda de J. Domínguez, S.L., Transportes La Unión, S.A., Autos Arcade, S.L., Empresa Miño, S.L., Autobuses de Pontevedra, S.A., Galega de Autocares Gala, S.L. e La Hispano Igualadina, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG673	Contorno metropolitano de Pontevedra	Empresa Viuda de J. Domínguez, S.L., Transportes La Unión, S.A.U., Autos Arcade, S.L., Castromil, S.A.U., Empresa Miño, S.L., Empresa Monforte, S.A.U., Autobuses de Pontevedra, S.A., Galega de Autocares Gala, S.L. e Auto Industrial, S.A.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG695	Termos municipais de Meaño e Cambados	Autocares Rías Baixas, S.L., Viuda de J. Domínguez, S.L., Transportes La Unión, S.A., Autos Arcade, S.L., Empresa Miño, S.L., Autobuses de Pontevedra, S.A., Galega de Autocares Gala, S.L. e La Hispano Igualadina, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	XG698	Leste da comarca de Pontevedra e norte da comarca de Vigo	Autocares Manuel García Castro, S.L., Empresa Viuda de J. Domínguez, S.L., Transportes La Unión, S.A., Autos Arcade S.L., Empresa Miño, S.L., Autobuses de Pontevedra, S.A., Galega de Autocares Gala, S.L. e La Hispano Igualadina, S.L.-UTE, Lei 18/1982, do 26 de maio.
Pontevedra	V-3147	Bueu e os seus arredores-Cangas, con anexos	Autobuses Cerqueiro, S.L.
Pontevedra	V-3216	Lalín-Pontevedra, con anexos	Donado Campos, S.L.



ANEXO III

Concesións de servizos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral que se integrarán no sistema de cancelación progresivamente:

Ámbito territorial	Concesión	Denominación	Concesionario
Ourense	XG686	Termos municipais de San Cristovo de Cea, Dozón e Piñor	Autocares Pérez, S.A.
Pontevedra	V-0387	Cambeses-Pontevedra, con anexos	Autocares Manuel García Castro, S.L.
Pontevedra	V-0448	Cambados-Pontevedra, con anexos	Autocares Rías Baixas, S.L.
Pontevedra	V-0533	Avión-Pontevedra, con anexos	Autocares Manuel García Castro, S.L.
Pontevedra	V-2289	Bandeira-Pontevedra, con anexos	Autocares Rías Baixas, S.L.
Pontevedra	V-3154	Amil-Carril, con anexo	Benito Abalo, S.L.
Pontevedra	V-7038	Pontevedra-Vilagarcía de Arousa-Vilanova de Arousa, con anexos	Transportes José Núñez Barros, S.A.

